

# **CONMEMORACIÓN DO DIA INTERNACIONAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

A violencia de xénero é un fenómeno que existe por todo o mundo, así o pon de manifesto o informe sobre a Violencia e a Saúde da OMS

Baixo o lema “*Que o medo non che impida ver outro futuro*” o Concello de Pontedeume, un ano máis, hoxe 25 de novembro fai lectura do Manifesto contra a Violencia de Xénero.

Somos conscientes da gran complexidade desta problemática e, polo tanto, da complexidade que requiren as súas solucións, que pasan pola adopción e aplicación de todo un conxunto de medidas xudiciais, sociais, sanitarias e policiais cara a lograr a súa erradicación. Pero tamén, somos conscientes como Administración máis próxima Á cidadANÍA que temos a obriga de favorecer mediante distintas estratexias a loita contra a violencia ás mulleres.

Neste acto institucional darase lectura o manifesto contra a violencia de xénero, este ano coa colaboración das asociacións de veciños do Concello de Pontedeume.

## **MANIFESTO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

Un ano máis , o 25 de novembro honramos ás mulleres vítimas da violencia de xénero e queremos trasladar à cidadanía e tamén ás mulleres que están sufrindo malos tratos, unha mensaxe de alento porque do circulo é posible saír.

Dende hai anos unha lacra veNnos azorando ante o esforzo dos nosos gobernantes, e debemos, dende todas as institucións, xuntar esforzos para cooperar na mellora dos mecanismos da asistencia ás mulleres maltratadas, así como na loita pola prevención, pola asistencia integral e polas condenas ós maltratadores.

Falamos todos os días da igualdade entre o home e a muller, pero á hora da verdade o que é o mesmo, día a día, permitimos que a diferenza continúe.

O silencio non debe ser nunca unha resposta, nin para a vítima da violencia, nin para quen convive con quen sofre, non debemos ser cómplices disto.

O asasinato maior que sofren a diario as nosas mulleres é o silencio dunha gran maioría da nosa sociedade

A vós, dende a nosa rabia, enfado e ata obsesivo afán de que o maltrato desapareza, invítovos a denunciar, xa non no voso propio nome senón no das vosas fillas e fillos, porque elas e eles tamén sofren.

Queremos dende aquí, que no século XXI se poda chegar a evitar de forma firme e estable que o maltratador non se achegue á vítima.

Por todo ist, cada persoa ou institución ten un compromiso na loita contra a violencia as mulleres.

Porque a violencia non é cousa dela, porque a violencia non é cousa doutras, porque a violencia é cousa de cada unha das persoas que conformamos esta sociedade.

Tan só asumindo unha responsabilidade compartida poderemos facer desaparecer **unha das maiores lacras que sofre a nosa sociedade, A VIOLENCIA DE XÉNERO**

Tan só asumindo unha responsabilidade individual poderemos forzar a súa desaparición e contribuír ao progreso social.

Por todo isto e co desexo de que non futuro non teñamos motivos para conmemorar o día 25 de novembro como DIA INTERNACIONAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, senón por todo o contrario, o Concello de Pontedeume xunto coas AA.VV, como institucións máis próximas a cidadanía, **MANIFESTAMOS QUE:**

1.- Que a defensa e protección dos dereitos fundamentais é o primeiro cometido de calquera administración ou asociación, polo que dende aquí rexéitase calquera postura que supoña un ataque aos dereitos humanos.

2.- Que o diálogo e o debate son o vehículo idóneo para sensibilizar a sociedade do cambio que se debe experimentar.

3.- Que as entidades deben percorrer un proceso de integración, cuxa base se sustente sobre a formación na tolerancia de todos os cidadáns e todas as cidadás.

4.- Manifestamos o noso rexeito a que calquera persoa, sexa do sexo que sexa, reciba un trato que atente contra a súa dignidade, rexeitamos tamén calquera situación de discriminación polo mesmo feito.

5.- Comprometémonos a promover actividades cuxos obxectivos sexan a concienciación e sensibilización da Violencia de Xénero.

6.- Rectificamos publicamente o noso compromiso á hora de favorecer e poñer en marcha distintas estratexias de loita contra a violencia, que sofren as mulleres nesta sociedade.

7.- Comprometer o conxunto da nosa sociedade nesta loita, garantindo unha serie de programas de cara á información e sensibilización ante esta situación.

8.- Asegurar a coordinación dos recursos asistenciais para dar unha resposta axustada a nivel social , médico, psicolóxico e legal ás mulleres maltratadas e ás persoas dependentes delas.

9.- Colaborar entre as institucións para que, no eido das competencias de cada unha delas, poñan a disposición das mulleres maltratadas todos os recursos posibles.

10.- Seguiremos levando a cabo programas educativos de prevención en materia de igualdade, resolución de conflitos de non violencia e campañas de sensibilización e concienciación, xa que o machismo mata às mulleres e envilece os homes.

11.- Pedimos tamén que os medios de comunicación sexan responsables e saiban valorar o sufrimento que producen estas situacións de violencia , maltrato e desigualdade. Non podemos aceptar todo para o espectáculo mediático e para subir as audiencias. Coa vida das persoas non todo vale.

Por último dicirlles ás mulleres maltratadas que non están soas, que acudan ás institucións e ás asociacións de mulleres , que busquen primeiro a seguridade e logo que denuncien.

Un acto como este, e unha data como esta, teñen que servir para concienciar à sociedade e dar voz a todas as vítimas, para combater a violencia contra as mulleres.

**O NOSO OBXECTIVO É O DE IMPLICAR A TODAS E TODOS CADA UN DE VÓS NESTA LOITA NON SÓ O 25 DE NOVEMBRO SENÓN OS 365 DIAS DO ANO**

**QUE O MEDO NON CHE IMPIDA VER OUTRO FUTURO**

**NO PRIMEIRO GOLPE, DENUNCIA**

**O SEGUNDO XA É TARDE**